

8.- (97).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE COMISIÓN CIDADÁ DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do día 29 de novembro de 1999, acordou aprobar inicialmente o Regulamento da Comisión cidadá de normalización lingüística e somete-lo expediente a información pública polo prazo de trinta días.

Durante o prazo sinalado no edicto da Alcaldía, publicado no Boletín Oficial da provincia núm. 30, correspondente ó día 14 de febreiro de 2000, non se presentou no Rexistro Xeral do Concello ningunha reclamación.

A técnica de Normalización Lingüística, con data 29 de marzo de 2000, manifesta que se deba corrixi-la denominación da citada comisión no texto do Regulamento, xa que ás veces aparece como “comisión cidadá” e outras como “comisión municipal” polo que deberá unificarse coa denominación de “Comisión cidadá de normalización lingüística” (CCNL).

A comisión informativa de Participación Cidadá dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDASE:

Aprobar definitivamente o Regulamento da comisión cidadá de normalización lingüística co seguinte texto:

REGULAMENTO DA COMISIÓN CIDADÁ DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CAPÍTULO I.- OBXECTIVOS DA CCNL

Artigo 1.

- Elaborar, estudar e emitir informes sobre a situación sociolingüística da cidade.
- Promocionar e priorizar actuacións deste Concello, doutras institucións e colectivos tendentes á normalización da lingua propia de Galicia.
- Potenciar a coordinación entre as institucións, entidades e colectivos que traballan en Vigo.
- Elaborar, pór en funcionamento e avaliar un *Plan de normalización lingüística para a cidade de Vigo*.
- Propoñer actuacións normalizadoras a cantas institucións, administracións incidan no seu quefacer.
- Analizar as actuacións e intervencións que no ámbito lingüístico se dean na cidade para lles dar resposta.
- Información, debate e difusión dos temas, dereitos e deberes respecto da lingua galega.
- Remitirlle ó Pleno do Concello un informe anual sobre o cumprimento da *Ordenaza*

- *municipal de normalización lingüística* (OMNL) e propostas de actuación.
- Remitirille á Xunta, e máis concretamente á Dirección Xeral de Política Lingüística, informes sobre a situación da lingua galega na cidade viguesa.
- Desenvolver actividades conxuntas coas demais administracións da área metropolitana.

CAPÍTULO II.- COMPOSICIÓN

Artigo 2

2.1. Representación corporativa

- Presidencia: alcalde ou, na súa ausencia, concelleira de Normalización Lingüística
- Un/unha representante de cada grupo municipal existente na Corporación

2.2. Representación doutras administracións radicadas en Vigo

- Un/unha representante da Dirección Xeral de Política Lingüística
- SNL da Universidade de Vigo

2.3. Representación de entidades, asociacións que teñan entre os seus obxectivos a normalización da lingua galega.

- Un/ha representante da Federación de AA.VV
- *A Mesa pola Normalización Lingüística*
- *Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística*
- *Coordenadora de Técnicos/as de Normalización Lingüística*
- Plataforma de Pais e Nais polo ensino en galego
- Fundación Galicia Empresa
- ...

2.4.

- *Coordenadora Interdepartamental de Normalización Lingüística*
- Comité de Persoal do Concello.

CAPÍTULO III.- RÉXIME INTERNO

Artigo 3. Funcionamento

A Comisión Cidadá de Normalización Lingüística será convocada cando menos unha vez cada tres meses. Poderá convocarse con carácter extraordinario cantas veces o decida a Presidencia, acorde o Pleno ou así o soliciten formalmente os 3/5 dos membros.

A CCNL traballará por comisións, unha encargada da dinamización lingüística e a outra de fomenta-lo coñecemento da lingua.

Artigo 4. Sesións ordinarias

A convocatoria das sesións ordinarias realizarase cunha antelación mínima de cinco días sobre a data da xuntanza. O SNL, en coordinación coa Secretaría Xeral do Concello, e no lugar destinado para o efecto, porá á disposición das e dos membros da comisión a documentación necesaria para o axeitado desenvolvemento das súas tarefas.

Artigo 5. Sesi3ns extraordinarias

As sesi3ns extraordinarias ser3n convocadas no prazo m3ximo de tres d3as h3biles seguintes 3 data de entrada da solicitude no Rexistro Municipal. A xunta extraordinaria realizarase no prazo de vinte d3as, que comezará a contar dende o momento da convocatoria, bardante casos de forza maior.

Artigo 6.- TOMA DE DECISI3NS

As decisi3ns adoptaranse por maior3a simple das e dos membros, ag3s aquelas que por regulamentaci3n esixa algunha aprobaci3n cualificada.

Artigo 7.- ACTAS

As actas da CCNL ter3n car3cter de documento p3blico polo que a Secretar3a Xeral do Conello designar3 unha persoa que asista 3s sesi3ns e que act3e como fedataria p3blica.

CAP3TULO IV.- ESTRUCTURA

Artigo 8.- CARGOS

A CCNL presenta a seguinte estrutura cos correspondentes cargos uniper-soais de responsabilidade e que formar3n a Mesa do Consello:

- Presidencia
- Vicepresidencia
- Secretar3a.

Artigo 9.- RESIDENCIA

O cargo de president/a/e recaer3 no alcalde ou na persoa corporativa na que delegue, conforme o disposto no art. 2 deste regulamento en cosoancia co art. 44 do Regulamento de participaci3n cidad3.

Ser3n as s3as funci3ns:

1. Convocar e presidi-las reuni3ns
2. Prepara-la orde do d3a
3. Ordena-los debates e someter a votaci3n os acordos
4. Executa-los acordos tomados
5. Velar pola correcta aplicaci3n do Regulamento de participaci3n cidad3 e a presente normativa

Artigo 10.- VICEPRESIDENCIA

A vicepresidencia ser3 elixida polo Pleno da Comisi3n entre o total de membros non corporativos, na primeira sesi3n e logo da constituci3n da CCNL.

Para ser elixida/o vicepresidente/a requ3rese a maior3a absoluta dos votos das e dos membros da comisi3n na primeira votaci3n. De non resultar elixida persoa ningunha, elixirase a quen nunha segunda votaci3n acadase m3is votos.

Ser3n as s3as funci3ns:

1. Auxiliar á Presidencia
2. Supli-las funcións da/do presidenta/e, por delegación desta/e, ausencia ou enfermidade ou por calquera circunstancia que impida a presenza física da ou do presidente na reunión

Artigo 11.- SECRETARÍA

Será unha funcionaria ou funcionario público.

Será a súa responsabilidade dar fe pública nas actas correspondentes dos asuntos tratados e resolucións adoptadas, así como de lles facilita-la documentación necesaria ás e ós membros da CCNL.

CAPÍTULO V.- RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

Artigo 12.- COMISIÓNS DE TRABALLO

1- A CCNL decidirá a creación de, obrigatoriamente e con carácter permanente, dúas comisións de traballo, e amais segundo os intereses, necesidades e posibilidades aquelas que se precisen e con carácter temporal.

Estas dúas comisións de traballo atenderán, unha ás necesidades do corpus da lingua: cursos, xornadas, seminarios... mentres que a outra estará encamiñada a fomenta-lo uso e presenza real da lingua galega na sociedade viguesa.

As comisións de traballo elaborarán informes, estudos e propostas de actuación en materia da súa competencia.

2. A Presidencia nomeará, trala proposta e aprobación da CCNL por maioría, cadanseu ou cadansúa coordinador/a.

Serán competencias do/da coordinador/a dar impulso e coordina-las actividades da comisión, así como a súa representación.

3. Poderán participar nas comisións de traballo as e os cidadans vigueses que sexan requiridos pola CCNL, invitados pola Presidencia ou quen o solicite formalmente diante da CCNL para emitir informe técnico ou formular cuestións sobre a lingua galega.

CAPÍTULO VI.- ELECCIÓN DE MEMBROS

Artigo 13.

As e os integrantes da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística serán renovados, aínda que poden ser designadas as mesmas persoas, cando se renoven as e os membros da Corporación.

Daquela, no prazo máximo de tres meses, despois de constituírse o goberno municipal, a Presidencia dirixirase ás institucións e organizacións interesadas para proceder á elección das e dos novos representantes.

Artigo 14

Presidencia: designación de Alcaldía
Vicepresidencia: elección polo plano da CCNL
Un/unha representante de cada grupo político municipal
As institucións, asociacións... elixirán as súas/os seus representantes

Artigo 15

O nomeamento poderá extinguirse por:

- Revogación por parte da entidade á que representa
- Falecemento ou renuncia expresa da interesada
- Amais para as e os membros referidos nos apartados, 2.2, 2.3 e 2.4, a inasistencia inxustificada a tres reunións ordinarias consecutivas ou a cinco alternativas

Cada membro da comisión poderá determinar un/unha suplente que asista ás xuntanzas e participe das tarefas da/do titular por ausencia xustificada desta ou deste.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA.- A CCNL aprobará a súa composición que deberá ser logo ratificada polo Pleno da Corporación.

Asemade aprobará o calendario anual de xuntanzas ordinarias.

SEGUNDA.- A propia CCNL poderá propor modificacións a este regulamento e aprobar por maioría absoluta aquelas normas de desenvolvemento que considere necesarias.

TERCEIRA.- A CCNL elaborará o *Plan de normalización lingüística*, porao en marcha e avaliará os seus resultados. O dito plan terá unha vixencia cuadrienal.